



REVISTA GALEGO-PORTUGUESA DE
PSICOLOXÍA E EDUCACIÓN
Vol. 14, 1, Ano 11º-2007 ISSN: 1138-1663

LIÑA EDITORIAL DA REVISTA GALEGO-PORTUGUESA DE PSICOLOXÍA E EDUCACIÓN

Xa pasaron 10 anos dende que, en 1997, un grupo de profesores galegos e portugueses, das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela, Vigo e da Universidade do Minho fundáramos a Revista que agora temos o gosto de lembrar e homenaxear con esta breve *Liña Editorial* que lle adicamos.

Queremos, ante todo felicitar e agradecer a todos os profesores que integraron ata o número 11-12 os Consellos Editoriais, os Consellos Científicos asesores e aos benqueridos amigos e amigas da Secretaría da Revista. Aparte, eu quero adicar aquí unha grande lembranza e agradecemento a moitos outros profesores e profesoras que non figuran no *staff* directivo da Revista por seren avaliadores externos dos traballos que, ao longo destes dez anos, foron chegando, avaliándose e publicándose. Pensemos que son mais de 250 os traballos científicos publicados nesta década. Todos estes traballos responden unha suma total de 200 os autores dos mesmos e que escolleron a nosa Revista para espallar, publicar, divulgar e diseminar os contidos e conclusións dos seus artigos de investigación, así como dos seus estudos de reflexión e ensaio e tamén de experiencias psicoeducativas que se levaron a cabo.

Esta Revista supón todo un traballo final que, grazas a colaboración e apoio institucional das Universidades da Coruña e Minho, así como da Fundación da Universidade da Coruña, foi posíbel levar adiante dende o ano 1997 ata hoxe.

Temos que dicir que a saúde desta Revista é moi boa. Agora mesmo estamos xa introducidos nos circuitos de valoración dos Índices de Revistas Españolas de Ciencias Sociais (IN-RECS), así como nas Bases de datos de Revistas científicas do CINDOC (no ISOC no índice de Ciencias Sociais do CSIC: Consello Superior de Investigacións Científicas), en REBIUN (Rede de Bibliotecas Universitarias) e na Base Latindex. Estamos a tratar de incluír a Revista tamén en Psy-INFO, Psy-CLIT, así como nos *Psychological Abstracts*. Neste momento, a *Revista Galego-Portuguesa de Psicología e Educación* está considerada polas Universidades españolas no nivel B.

Faremos todos os esforzos para contribuir a situala nos máximos niveis científicos esixidos nos indicadores internacionais como son os sinalados nos índices do JCR ou *Journal Citation Report*. Pero hacia ahí camiñamos. Todo este labor e logros non serían posibles

sen a colaboración de todos os colegas, amigos e amigas, profesores e profesoras de diferentes universidades de España e, básicamente, de Portugal e Brasil que veñen participando activamente neste proxecto.

Como se poderá ver, procedemos á renovación da Dirección asociada con profesores da Universidade da Coruña e da Universidade do Minho, tamén renovamos o Consello Editorial e o Consello de Redacción para desenvolver un traballo máis axil e eficaz. En recentes reunións da Dirección asociada e do Consello de Redacción debáteronse estes temas e optamos por publicar dous números da Revista ao ano, o que supón un esforzo editorial importante e de traballo que nos agarda en anos vindeiros. Máis, pensamos que será posible realizar estas tarefas.

Por outra banda, decidimos optar, tanto nas Normas de publicación como na seriación de números e volumes pola estrutura normativa de manual APA e polo tanto, procederáse á

recepción de orixinais e manuscritos en calquera das catro linguas seguintes: castelán, galego, portugués e inglés. A seriación de volumes e números comezarase por este mesmo como o Volume 14 e o número 1 do ano 2007. E así sairán publicados de forma sucesiva anualmente.

Agardamos que sigan chegando manuscritos orixinais para a súa publicación a través da nosa *Revista Galego-Portuguesa de Psicoloxía e Educación*, e dende agora envío un saúdo moi cordal a todo o profesorado, alumnado e profesionais da Educación que xa proximamente teremos ocasión de vernos participando no *IX Congreso Internacional Galego-Portugués de Psicopedagogía* que terá lugar na Universidade da Coruña os días 19, 20, 21 de Setembro 2007.

A Coruña, Xullo, 2007.
Alfonso Barca Lozano
Director.